



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Secretaría Xeral

Bases e convocatoria pública para a elección de xuíz de paz substituto do Concello de Culleredo

ANUNCIO

BASES E CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO DO CONCELLO DE CULLEREDO.

Quedando vacante a praza de xuíz de paz substituto do Xulgado de Paz deste Municipio e tendo en conta o acordado pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de oficiar a este Concello para que se inicie novo procedemento ao efecto, efectúase convocatoria pública co fin de que as persoas interesadas poidan presentar a súa solicitude, durante un prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste Convocatoria. A convocatoria publicarase igualmente, mediante Bando da alcaldía e edito no taboleiro de anuncios do Concello e no Xulgado de Paz de Culleredo.

1.- CONDICIÓNS LEGAIS DO SOLICITANTE:

Para poder concorrer precísanse os seguintes requisitos:

- a) Ser español
- b) Ser maior de idade
- c) Non estar incurso nalguna das causas de incapacidade, incompatibilidade ou prohibicións recollidas na lei orgánica do Poder Xudicial, concretamente nos seus artigos 303 e 389 e ss.

2.- INCAPACIDADES.

Están incapacitados os impedidos física ou psiquicamente para a función xudicial, os condenados por delito doloso mentres non obtiveran a rehabilitación, os procesados ou inculcados por delito doloso en tanto non sexan absoltos ou se dite auto de sobresemento, e os que non estean en pleno exercicio dos seus dereitos civís.

3.- DOCUMENTOS QUE SE ACHEGARÁN COA SOLICITUDE.

Os interesados deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Certificación de nacemento ou fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.
- b) Declaración responsable na que se faga constar o seguinte:
 - Que é español, maior de idade e non se atopa impedido física ou psiquicamente para a función xudicial.
 - Que non foi condenado por delito doloso ou, no seu caso, que se conquisou a rehabilitación.
 - Que non se atopa procesado ou inculcado por delito doloso.
 - Que se atopa en pleno exercicio dos seus dereitos civís.
- c) Xustificación dos méritos que alegue o solicitante.
- d) Profesión que ocupa na actualidade.

4.- PROCEDIMENTO.

Transcorrido o prazo para a presentación de solicitudes, o Pleno do Concello, co voto favorable da maioría absoluta dos membros da Corporación, procederá á elección de xuíz de paz substituto entre as persoas que, solicitándoo, reúnan as condicións legalmente establecidas.

O acordo do Concello será remitido ao xuíz de primeira instancia e instrución do partido xudicial que o elevará á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O nomeamento do xuíz de paz substituto será efectuado pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por un período de catro anos.

Culleredo, 9 de novembro de 2023

O Alcalde-Presidente

Asdo. José Ramón Rioboo Castro

2023/9030